



BORRADOR DE ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS ORGANIZACIÓNS PATRONAIS E SINDICAIS DO ENSINO PRIVADO CONCERTADO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SOBRE A PAGA EXTRAORDINARIA POR ANTIGÜIDADE NA EMPRESA.

Por Resolución da dirección xeral de Traballo do 28 de decembro de 2006 (BOE do 17 de xaneiro de 2007), publícase o V Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos. No artigo 61 do dito convenio, establécese a percepción dunha paga extraordinaria ao profesorado que cumpra 25 anos de antigüidade na empresa, equivalente a unha mensualidade extraordinaria por cada quinquenio cumprido.

Tendo en conta a previsión do parágrafo cuarto do artigo 52 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade de Galicia para o ano 2010.

Así mesmo, a disposición adicional oitava do referido convenio, en relación co seu artigo 1º, establece que ñas comunidades autónomas se pederán acadar acordos, entre outras materias, en relación co procedemento e calendario de abono da paga extraordinaria por antigüidade na empresa. Tamén sinala que os posibles calendarios de abono que se pacten nos ámbitos autonómicos coas respectivas administracións educativas respecto do persoal en pago delegado, poderán superar o ámbito temporal fixado no convenio, previo acordo entre as organizacións empresariais e sindicais que acaden a maioría da súa representatividade.

Con este acordo establécese o procedemento e calendario de aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa, nun contexto económico e financeiro que ven claramente marcado por unhas circunstancias económicas excepcionais, tendo en conta as disponibilidades dos recursos orzamentarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co previsto no citado convenio colectivo.

Por todo o que antecede, logo da negociación levada a cabo na Comisión tripartita do ensino privado concertado, coa autorización do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ..., adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria comprométese ao aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa, establecida no artigo 61, en relación co previsto na Disposición adicional oitava.3) e a Disposición transitoria primeira do V Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, ñas condicións que se determinan no presente acordo.

2. A paga extraordinaria aboarase ó profesorado de centros privados concertados do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que estea en pagamento delegado o día 1º de xaneiro de 2009, e se atope nalgunha das seguintes circunstancias

- a) Que acrediten unha antigüidade na empresa igual ou superior a 25 anos entre o día 1º de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2010.
- b) Que o día 1º de xaneiro de 2009 tivese cumpridos 56 anos de idade e, ata o 31 de decembro de 2010, acade, polo menos, 15 anos de antigüidade na empresa e menos de 25.
- c) Que se recolocase en aplicación dos acordos de mantemento de emprego no sector, asinados entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado, ao que a Administración educativa lie recoñeceu a antigüidade xerada con anterioridade no centro no que prestaba servizos, mediante un complemento persoal transitorio e reúna as condicións das alíneas a) ou b) anteriores. Isto non supón o recoñecemento dunha antigüidade maior na empresa que a que lie corresponda coa efectiva alta nela, segundo a súa vixente relación contractual.

Segundo. 1 .Este acordó non será de aplicación a aquelas traballadoras e traballadores que, en aplicación do acordó publicado por Resolución do 1 de abril de 2005 (DOG do 15 de abril) ou en execución de sentenza firme, xa percibirán a paga extraordinaria por antigüidade na empresa.

2 A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, non abonará esta paga ó profesorado que non acredite as condicións que se establecen no presente acordó

3. No suposto de que a empresa educativa fixese efectiva a referida paga ao profesorado que cumpra os requisitos esixidos no apartado primeiro deste acordó, poderá solicitar o seu reintegro á administración educativa, para o que achegará a documentación que acredite o aboamento, así como o anexo do presente acordó eos datos do profesor ou profesora afectado/a.

Terceiro. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboaralle ao profesorado que reúna os requisitos do punto primeiro, unha paga extraordinaria única cuxo importe será equivalente a unha mensualidade extraordinaria por cada quinquenio que teña cumprido na data de publicación deste acordó no DOG.

Cuarto. 1 Para o cálculo do importe da paga que aboará a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terase en conta a xornada laboral en pagamento delegado e a mensualidade que correspondan ó/a traballador/a na data de publicación deste acordó no DOG.

2. Para o cálculo da paga extraordinaria de antigüidade computaranse os quinquenios, trienios e cargos directivos (exclusivamente director/a e xefe/a de estudos), así como os trienios destes cargos que o profesorado acredite, segundo os datos que consten na nómina de pago delegado elaborada polos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Ao profesorado en situación de excedencia forzosa ou especial, reguladas respectivamente nos artigos 45 e 46 do V Convenio, así coma o acollido á xubilación parcial, terase en conta a xornada na data do cambio de situación.

4. No caso de que o profesorado extinguirá a relación laboral coa empresa, terase en conta a xornada á data de extinción do contrato.

Quinto. L O A paga extraordinaria por antigüidade abonarase ata o límite do crédito existente na seguinte partida orzamentaria:

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
Concertos educativos	09.05 422A.482	1.000.000,006

2. As solicitudes tramitaranse sempre segundo a orde da súa entrada na dirección xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ata ao límite do importe sinalado no parágrafo anterior.

Respectando a regra anterior, cando as instancias se reciban de forma conxunta tramitaranse atendendo, por esta orde, á data de rexistro e á do devengo.

3. As solicitudes presentadas e non tramitadas ao amparo do presente acordó, substanciaranse no marco do acordó entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa que se formalizará no ano 2011 segundo as disponibilidades orzamentarias.

Sexto. Para poder acollerse a este acordó, o profesorado que formulase demanda xudicial de aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa deberá desistir expresamente da acción exercitada na xurisdición social, no trámite procesual oportuno. Deberá achegar a acreditación do desistimento formulada ante o xulgado correspondente.

Sétimo. 1 O profesorado que reúna as condicións pactadas deberá solicitar a paga, segundo o modelo normalizado que figura como anexo do presente acordó.

As solicitudes dirixidas á dirección xeral de Centros e Recursos Humanos e demais documentación presentaranse, necesariamente de forma individualizada a partir do día seguinte ao da publicación do acordó no DOG, no rexistro único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou neutro rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Coa solicitude achegará copia dos seguintes documentos:

Declaración xurada ou promesa de non ter percibido a paga.

Declaración xurada ou promesa de que non ten formulado solicitude en vía xudicial ou, se é o caso, copia do desistimento da demanda.

No caso do profesorado que rematara a súa relación laboral, fotocopia do documento de identificación (DNI, NIE) e certificado bancario.

Oitavo. Para a interpretación e seguimento do presente acordó, constituirase unha comisión integrada por representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das demais partes asinantes.

Noveno. A vixencia do presente acordó rematará o 31 de decembro de 2010.

Para que conste, asinan este acordó no lugar e data indicados.